

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2009 16:30
Nº Rexistro: 15347
Data envío: 03/12/2009 14:26:48.750

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á actitude lingüística da empresa Unión Fenosa- Gas Natural.


“Me habla en español porque soy española.

O me habla en castellano o acabamos la conversación”.

Esta foi a frase literal espetada por unha traballadora do servizo de atención ao cliente da empresa Unión Fenosa-Gas Natural a un usuario galego que cometeu o atrevemento de se dirixir en lingua galega (lembramos: oficial, cando menos no plano teórico), para solicitar unha gravación de audio vinculada á reparación dunha avaría eléctrica nunha urbanización de Teo.

Resulta sorprendente que unha empresa desta dimensión (por certo, con páxina web oficial en español, catalán e inglés), fortemente subsidiada polos poderes públicos, e cunha elevada responsabilidade social na Galiza na subministración de emerxencia eléctrica, exclúa a lingua galega da comunicación cos seus usuarios nun país que posúe lingua propia diferente do español.

Non só se lucrou historicamente esta empresa dos recursos naturais da nosa nación, que recibiu a cambio unha calidade de subministración eléctrica francamente pésima, senón que ademais se permite o luxo de desprezar a usuarios galegofalantes e excluír o galego nas súas comunicacións oficiais.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2009 16:30
Nº Rexistro: 15347
Data envío: 03/12/2009 14:26:48.750

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Que opinión lle merece á Secretaría Xeral de Política Lingüística a actitude desta empresa en relación cos usuarios galegos?

2.^a) Ten previsto, en consecuencia, adoptar algunha medida práctica para corrixir esta situación?

3.^a) En caso positivo, de que tipo e en que prazo?

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 03/12/2009 14:25:07